


Espazos para o diálogo

Declaradamente parcial



XOSÉ FEIXÓ

Ao pé do abismo é outro dos libros de pensamento que ultimamente están a xurdir entre as novas publicacións, al-
gunha das cales xa comentei aquí. Nesta ocasión é Xerais, na súa colección “Crónica”, quen nos achega estoutro libro de pensamentos, cada vez máis habitual entre os nosos creadores de todo tipo. É saudable esta tendencia, porque o intercambio de ideas, a súa propia exposición, as reflexións xurdidas a partir delas, a conformación dunha dialéctica actualizada..., son algo do que carecíamos, que se botaba de menos, e que xa era hora de empezar a construír a estas alturas da nosa historia. Damos pois, a benvinda a este novo libro de pensamento, e convidamos a creadores e editoriais para que dean continuidade a esta tendencia. No caso do libro de Rosa Aneiros trátase



se da compilación dos artigos xornalísticos publicados nos tres últimos

anos, artigos no que a autora, tal e como ten afirmado, gusta de pensar neles como espazos para o diálogo, afastados da crispación, onde o lector se poida poñer no seu punto de vista. Aínda que, ese lector, ademais, é advertido de que a súa selección da realidade é unha parcialidade obsesiva, na que amosa unha radical falta de neutralidade en

todo canto nel enuncia, pero precisamente unha das propostas posibles da súa lectura é que “talvez a partir de centos de opi-

nións máis saibamos achegarnos infinitamente ao que nos rodea”. Parécennos interesantes todos os artigos, pero destacaríamos a costura de cicatrices en “Xogo de espeellos”, debate sobre os lindes entre os textos xornalísticos e literarios, a importancia de internet para todos poderen ser medios de comunicación (blogs, webs): “O Periodismo 3.0 ameazaa con romper os canons establecidos e desbancar a titularidade dos discursos”; e tamén, por proximidade no que a min me atinxe, “A mazá que trabou Adán”, pois un dos mariñeiros, logo patrón e logo armador, cos que Blanco Amor foi no Norita de Baiona en marzo de 1929 e posteriormente, foi o meu vello amigo Florentino Vázquez Ratel, que en varias ocasións me conta esas experiencias. “Flores no mar”, que relata como en Corme o 16 de xullo se lembra os afogados, é tamén relato para non perder.

ANEIROS, Rosa, Ao pé do abismo, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 314 páxinas.